

Revista GALEGA  
de filoloxía

# monografía 9

*Leticia Eirín García*

*Xoán López Viñas (editores)*

## **Lingua, texto, diacronía.**

**Estudios de  
lingüística  
histórica**

---

**Director:** Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña)

**Subdirector:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretario:** Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)

**Edita:** Área de Filoloxías Galega e Portuguesa  
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

**Depósito Legal:** C 2238-2014

**ISBN:** 978-84-9749-609-4

**Distribúe:** Consorcio Editorial Galego: [pedimentos@coegal.com](mailto:pedimentos@coegal.com)

**Deseño:** Torné Asociados

**Maquetación:** Antonio Souto

## Índice

Limiar <i>Leticia Eirín García / Xoán López Viñas</i>	5-7
Da lección manuscrita á lectura crítica: gramática histórica, <i>constitutio</i> e <i>interpretatio textus</i> <i>Mariña Arbor Aldea</i>	9-31
Denominacións metafóricas dos órganos sexuais femininos, vinculadas ao campo sémico do aloxamento, nas cantigas de escarnio e maldizer <i>Xosé Bieito Arias Freixedo</i>	33-58
A expresión da IRA nas cantigas de amor e de amigo <i>Mercedes Brea</i>	59-96
Construcións com <i>ser</i> , <i>estar</i> e <i>jazer</i> na historia do portugués: notas em torno de innovación, persistencia e obsolescencia <i>Maria Teresa Brocardo</i>	97-107
Poetics, Historical Grammar and Textual Criticism: <i>Augua</i> or <i>Agua</i> in Pero Meogo? <i>Rip Cohen</i>	109-122
Corominas e a etimoloxía galega <i>Rosalía Coto García</i>	123-141
O alógrafo sigmático do grafema <z> na documentación medieval galega <i>Pedro Dono López</i>	143-159
O léxico do proceso amoroso nas cantigas de amor de Don Denis <i>Leticia Eirín García</i>	161-175
Por volta de topónimos e textos afonsinos. A cantiga «Ansur Moniz, mui'ouve gran pesar» [B 482, V 65] <i>Manuel Ferreiro</i>	177-196
<i>Vós sodes mui fraquelina molher</i> . Sobre a sufixación apreciativa na poesía trobadoresca profana <i>Xosé Ramón Freixeiro Mato</i>	197-225
A alternancia <i>h-/Ø</i> entre “ortografía alfonsi” e “ortografía dionisina” <i>Pär Larson</i>	227-238
Unha ferramenta para o estudo do léxico medieval: o <i>GLOSSA</i> <i>Xoán López Viñas</i>	239-256
Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino <i>-ñs</i> <i>Ramón Mariño Paz</i>	257-290
Edición de textos da Galiza medieval e moderna. Algúns proxectos en marcha <i>Ricardo Pichel Gotérrez / Xavier Varela Barreiro</i>	291-318
<i>Caer/cair</i> e similares. Algúns apontamentos filolóxico-linguísticos <i>José Luís Rodríguez</i>	319-350
Aproximación aos pronomes demostrativos nos primordios da Idade Moderna <i>Xosé Manuel Sánchez Rei</i>	351-368
Os primeiros escritos em galego-portugués: revisão e balanço <i>José António Souto Cabo</i>	369-393

---

**Limiar**

---

Aínda que a lingüística histórica nace ligada a análises contrastivas entre linguas nos inicios do século XIX, hoxe en día esta disciplina abranxe unha serie de materias que axudan a comprender o fenómeno da historia dunha lingua en xeral, e da mudanza lingüística en particular. Así, para alén de examinar o devir lingüístico nos planos gráfico-fónico, morfosintáctico e léxico-semántico, os estudos de lingüística histórica precisan de se apoiar nunha correcta edición dos textos en que se garde unha escrupulosa fidelidade á realidade lingüística.

Nese sentido, *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica* recolle dezasete artigos que pretenden revisar e pór ao día os últimos avances a respecto da lingüística histórica galega e portuguesa, quer sobre a gramática, quer sobre o léxico ou quer sobre a fixación textual. Estes traballos son debidos a especialistas pertencentes ás tres universidades galegas, mais non unicamente, xa que tamén se inclúen contributos de importantes investigadores e investigadoras procedentes de Portugal (Universidade Nova de Lisboa), Italia (Istituto Opera del Vocabolario Italiano) ou dos Estados Unidos (The Johns Hopkins University).

En primeiro lugar, unha serie dos artigos que compoñen esta monografía versan sobre gramática histórica galega e portuguesa. Por unha banda, a clase pronominal é tratada por Xosé Manuel Sánchez Rei, que realiza unha “Aproximación aos pronomes demostrativos nos primordios da Idade Moderna”, a se basear non só en testemuños literarios mais tamén en obras gramaticais portuguesas e españolas. Por outra banda, as mudanzas morfolóxicas que afectan a categoría verbal son tratadas nos contributos de José Luís Rodríguez, de Ramón Mariño Paz e de Teresa Brocardo.

No traballo titulado “*Caer/cair* e similares. Alguns apontamentos filolóxico-lingüísticos” o profesor Rodríguez examina a incorporación dos verbos da terceira conxugación latina nas clases verbais do portugués e do español, particularmente no período posmedieval. Neste percurso filolóxico-lingüístico preséntase a existencia da alternancia en verbos do tipo *caer/cair*, *trager/trair* e similares, para finalmente indicar cales foron as escollas portuguesas e galegas privilexiadas na norma. Por súa parte, en “Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino *-tīs*” Mariño Paz céntrase na variación diacrónica que sufriu en

galego este morfema derivativo latino de P5 desde o galego medieval até o galego contemporáneo. Neste artigo o investigador da USC reflexiona sobre os resultados lingüísticos que ofrecen tanto os textos primarios como os datos presentes nas gramáticas, nas propostas normativas e na tradición literaria. Finalmente, Teresa Brocardo describe as “Construcións con *ser*, *estar* e *jazer* na historia do portugués: notas em torno de innovación, persistencia e obsolescencia”, adoptando a perspectiva da gramaticalización, o cal lle permite encadrar de forma articulada as diferentes manifestacións da mudanza lingüística como son os procesos de innovación dunha solución, a continuación desta ou o seu desuso.

Outro grupo de artigos céntrase no léxico, nomeadamente referido aos aspectos semánticos dos xéneros poéticos amorosos e escarniños. Así, Mercedes Brea analiza “A expresión da IRA nas cantigas de amor e de amigo”, establecendo os macrolemas occitanos, franceses, italianos e galego-portugueses e centrándose nomeadamente nestes últimos que fan referencia propiamente á categoría emocional da ‘ira’ como *rancura*, *sanha*, *ira* etc. En segundo lugar, Leticia Eirín García, no artigo “O léxico do proceso amoroso nas cantigas de amor de Don Denis”, aborda as formas e os recursos retóricos a elas asociados de que se serve o rei portugués Don Denis para a expresión das fases do namoramento. Fronte ao xénero amoroso, Bieito Arias Freixedo céntrase nas “Denominacións metafóricas dos órganos sexuais femininos, vinculadas ao campo sémico do aloxamento, nas cantigas de escarnio e maldizer”, en que achega unha serie de notas lexicais sobre o vocabulario erótico presente nas cantigas medievais do xénero satírico.

Pola súa banda, en “*Vós sodes mui fraquelña molher*. Sobre a sufixación apreciativa na poesía trobadoresca profana”, o profesor Freixeiro Mato realiza unha cala nos sufixos apreciativos rexistrados nestes textos, nos cales se constata unha baixa presenza de uso. Por outra parte, no seu contributo “Corominas e a etimoloxía galega”, Rosalía Coteló refire as fontes galegas no *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, en que se reúnen autores como Sarmiento ou Castela. E finalmente, Xoán López Viñas presenta “Unha ferramenta para o estudo do léxico medieval: o *GLOSSA*” (*Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*), que constitúe un óptimo recurso *online* para o estudo do léxico por parte do persoal investigador.

Para completarmos a panorámica que este volume ofrece, temos de facer referencia a outros oito contributos centrados principalmente en cuestións metodolóxicas e histórico-editoriais de textos medievais. Así, Mariña Arbor Aldea, no seu traballo “Da lección manuscrita á lectura crítica: gramática histórica, *constitutio* e *interpretatio textus*”, parte de dous exemplos tomados da tradición italiana e francesa para, a seguir, estudar varios casos da poesía profana galego-portuguesa, coa finalidade de demostrar que a edición rigorosa dos textos medievais pasa necesariamente pola análise e coñecemento profundo da lingua deses textos.

Por súa parte, Pär Larson e Pedro Dono ocúpanse de dous aspectos máis específicos referidos, respectivamente, aos textos poéticos e documentais. Larson explora a norma da alternancia <h>/<ø> no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, no *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* e mais no *Pergamiño Sharrer*, xunto coa posibilidade de que exista unha relación entre este fenómeno e outras características gráficas da época, demostrando, de por parte, a utilidade desa norma na crítica textual. Pedro Dono, no seu contributo titulado “O alógrafo sigmático do grafema <z> na documentación medieval galega”, achégase ao tratamento ecdótico que debe ser aplicado ás realizacións deste grafema no ámbito da documentación notarial.

O profesor José António Souto Cabo desenvolve no seu estudo unha revisión sobre algunhas cuestións críticas relativas á identificación dos primeiros documentos romances da nosa área lingüística, chegando a establecer como resultado un elenco de escritos galego-portugueses anteriores ao ano 1256 que se inician co *Pacto entre Gomes Pais e Ramiro Pais*, datado a comezos de 1175. Pola súa banda, Ricardo Pichel Gotérrez e Xavier Varela Barreiro realizan un percorrido por tres proxectos de investigación centrados na transcripción e edición de fontes documentais e obras literarias antigas: o *Corpus de Textos Antigos de Galiza* (COTAGAL), *Libros, memoria e arquivos. Cartularios monásticos do noroeste peninsular (séculos XII-XIII)* (LEMA) e *Dixitalización e Edición selectiva do fondo medieval do Arquivo de San Paio de Antealtares* (DEASPA).

Xa no ámbito da poesía trobadoresca profana temos o estudo “Por volta de topónimos e textos afonsinos. A cantiga «Ansur Moniz, muit’ouve gran pesar”, debido ao profesor Manuel Ferreiro, no cal realiza precisamente unha análise de diversos topónimos problemáticos desde o punto de vista da edición que aparecen nas cantigas satíricas de Afonso X. Por último, Rip Cohen, baseándose no cancionero de Pero Meogo, examina as edicións previas e cuestiónase sobre a forma correcta de unha voz atestada en dous dos textos do trobador: *augua* ou *agua*?

En síntese, como se pode apreciar, esta Monografía 9 da *Revista Galega de Filoloxía*, titulada *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica* e inspirada nun encontro científico entre investigadores do ámbito da lingüística histórica e da crítica textual galego-portuguesa, presenta os últimos avances nestes campos, e pretende suscitar o interese e a reflexión sobre os temas tratados, procurando tamén a continuidade na colaboración entre os especialistas na diacronía lingüística e na edición de textos medievais no ámbito galego-portugués.

A Coruña, decembro de 2014

Leticia Eirín García / Xoán López Viñas

---

## Da lección manuscrita á lectura crítica: gramática histórica, *constitutio* e *interpretatio textus*<sup>1</sup>

---

Mariña Arbor Aldea  
 Universidade de Santiago de Compostela

sa voz manselinha fremoso dizendo / *cantigas d'amigo*  
 sa voz manselinha fremoso cantando / *cantigas d'amigo*  
 Estevan Coelho (Cohen 2003: 207)  
*A meu avó, que me arrulou na doce lingua nai*

### 1.

En todo traballo de edición dun texto poético reviste un papel decisivo o coñecemento detallado dos manuscritos que envían a peza considerada, o manexo fluído dos principios métricos que definen a tradición en que esta se enmarca e o dominio, nas vertentes gráfico-fonética, morfolóxica, léxica e sintáctica, da lingua do autor e da época en que aquela se elaborou. Como tivemos ocasión de mostrar noutra sede, na edición da lírica profana galego-portuguesa non sempre se valoraron oportunamente os dous primeiros elementos citados, con graves repercusións no establecemento crítico do texto: pensemos, así, nos datos que emanan das notas que se conteñen nas marxes do *Cancioneiro da Ajuda*, que foron moi parcialmente consideradas polos estudosos, aínda que revisten evidente valor ecdótico (Arbor Aldea 2009), ou nas consecuencias que nas diversas propostas editoriais ten a aplicación imprecisa e flutuante da denominada *res metrica* (Arbor Aldea 2008, 2012a, 2012b, 2012c). Idéntica consideración se pode facer a propósito do criterio lingüístico.

---

1 Os datos expostos neste traballo, que foi escrito durante a estada de investigación que desenvolvemos, entre os meses de marzo e maio deste ano, na Università di Roma La Sapienza (Italia), son froito parcial dos estudos que nos ocupan no marco dos proxectos de investigación *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos II* (FFI-2011-25899) e *El debate metaliterario en la lírica románica medieval* (FFI2011-26785), que reciben o apoio económico do Ministerio de Economía y Competitividad.

Non por acaso, o dominio da gramática e da lingua en que está escrito un texto maniféstase como esencial durante todo o proceso de edición, imbricándose neste principio o conxunto de criterios que definen as fases de *selectio* e *emendatio*: *lectio difficilior*, *conformatio textus*, *usus scribendi* e *res metrica*, pois todos “pueden reducirse al *usus scribendi*, si entendemos el término desde la perspectiva más amplia de la retórica clásica, es decir, de la *inventio*, la *dispositio* y la *elocutio* de un autor y de su tiempo” (Blecuca 2001 [1983]: 124). Así, toda *lectio difficilior* deberá considerar o contexto, que, á súa vez, dependerá do pensamento do autor, do seu estilo e da súa lingua, variando a métrica en cada época e en cada poeta (Blecuca 2001 [1983]: 124). Ademais, os usos estilísticos e lingüísticos deberán filtrar a lección establecida a partir do *stemma*, dado que este, como elemento orientativo que é, “no deberá aplicarse mecánicamente en ningún caso sin pasar por el tamiz de la crítica cada *locus*”, o que na práctica significa que cada lección seleccionada tomando como referencia a árbore xenealóxica en que se plasman as relacións que se establecen entre os manuscritos debe ser corroborada polo *usus scribendi*, entendido este non só como o estilo do autor, senón como a lingua de quen produce o texto e da propia época en que este se escribe (Blecuca 2001 [1983]: 125).

## 2.

Ilustrativas da importancia capital que reviste o dominio da lingua na práctica ecdótica son as correccións realizadas polos estudiosos da lingua a edicións de obras que forman parte do canon medieval de literaturas como a italiana, a occitana ou a francesa, que contan con tradicións críticas moi consolidadas. Referiremos aquí, e só a título de exemplo, dous casos, tomados, respectivamente, dos dominios italiano e francés.

### 2.1.

No italiano actual, aos encontros de preposición e artigo determinado corresponde regularmente unha forma con lateral xeminada <ll>: *di + la = della*, *a + lo = allo*, *in + la = nella*, *da + le = dalle*... (coa salvidade, ben coñecida, da suma do enlace co artigo definido plural *gli ~ i: degli, agli, dei, ai*...), que sería o resultado do encontro da correspondente preposición e das formas latinas *ILLA(M)*, *ILLU(M)* (e demais formas do paradigma). A solución para o encontro destes elementos en latín vulgar debeu ser unha lateral longa, despois simplificada en todos os contextos, excepto ante vogal tónica. Así o demostran as grafías máis antigas presentes nos documentos non literarios toscanos (séculos XII-XIII), que documentan, en liñas xerais, unha líquida lateral breve tanto en posición preconsonántica (*dela ~ de la: dela donna*) como, en posición prevocálica, ante vogal átona (*del'amore*). Só ante vogal tónica



restaría inmutable a longa etimolóxica (*dell'asino*), aínda que posteriormente, e como consecuencia da analoxía, todas as simples acabarían alongándose (*vide infra*). Resultado desta evolución e da representación da lateral simple mediante <l> en formas escritas separadas do tipo *de la, ne lo* é a pervivencia desta grafía como grafía literaria, sobre todo poética, que se mantivo ata a época moderna –así, en autores como Carducci, Pascoli ou D'Annunzio, que a emprega tamén na prosa–, aínda que tales contraccións ofrezan articulación longa.

Da práctica de conxugar mentalmente a grafía *de la* (e similares) coa articulación [del:a] (e similares) deriva o convencemento do grande dantista G. Gorni relativo a que as grafías con líquida lateral simple representaban a actual pronuncia moderna, con consoante longa. Partindo deste principio, na súa edición crítica da *Vita nova* (1996) rexeita os contributos de E. G. Parodi, que xa en pleno século XIX sinalara casos da *Commedia* en que se documentan as preposicións articuladas *ne la* e *ne lo* en rima con *vela ~ cела* e *cielo ~ candelo* (*Purg.* XVII 55 e *Par.* XI 13) –é dicir, grafías que remitirían a unha articulación simple da lateral–, considerando tales formas como unha “artificiosa eccezione” ou “licenza di rima” e imprimíndoas con consoante dobre, ao presupor para elas unha articulación longa, como a que caracteriza a lingua moderna (Gorni 1996: 291).

Porén, como poucos anos despois demostraría A. Castellani, a razón asistía os exemplos sinalados por Parodi. Castellani, analizando a difusión de <l> simple e dupla nos encontros de preposición e artigo no italiano antigo, formulou a lei a que antes aludimos, e que afecta directamente á dexeminación da lateral anteprotónica nestas contraccións: “*l* scempia davanti a parola cominciante per consonante, come in *dela casa*, e davanti a parola cominciante per vocale atona, come in *del'amico*, mentre davanti a vocale tonica rimane intatta, dalle origini fino a oggi, la *-ll-* dell'articolo derivante da ILLE, come in *dell'oro*” (Castellani 2002: 10). Non por acaso, e como confirmaron –de forma independente o un do outro– P. Larson (2002: 522-524) e L. Petrucci (2003: 99-105) en dous traballos posteriores, da validez das conclusións a que chega Castellani ofrecen probas granadas tanto os textos de carácter documental –que aplican a miúdo o principio “con quasi matematica esattezza” (Castellani 2002: 11)– como os de natureza literaria –as *canzoni* e os sonetos do poeta, e contemporáneo do autor da *Commedia*, bautizado por Contini como “Amico di Dante”, os *Documenti d'Amore* de Francesco da Barberino (1314), a anónima narración en verso coñecida como *L'Intelligenza* (ca. 1300) ou a crónica florentina de Paolino Pieri (ca. 1305), entre outros–.

A “lei da dexeminación de *l* anteprotónica” estaba, pois, aínda plenamente vivente na xeración a que pertencía Dante (1265-1321), documentándose a extensión da consoante longa só en textos de autores nados a partir de 1280, primeiro ante vogal átona e, despois, en posición anteconsonántica. Xa en pleno século XIV, Boccaccio

---

## Construções com *ser*, *estar* e *jazer* na história do português: notas em torno de inovação, persistência e obsolescência

---

Maria Teresa Brocardo

Universidade Nova de Lisboa - Faculdade de Ciências Sociais e Humanas

(UNL - FCSH)

Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa (CLUNL)

### 1. Introdução – *ser* e *estar* em português contemporâneo

Em português contemporâneo, como acontece com outros sistemas românicos, opõem-se dois paradigmas distintos, *ser* e *estar*. Os dois verbos ocorrem no mesmo tipo de construções sintáticas, excetuando-se as chamadas perífrases de progressivo, em que apenas se admite *estar* (cf. *O João está / \*é a trabalhar / trabalhando*)<sup>1</sup>. Quando ocorrem em contextos idênticos, desencadeiam interpretações claramente distintas para os falantes (cf. *O João é / está parvo*), sendo, porém, uma caracterização precisa, que contemple todas as possibilidades de ocorrência em função de diferentes tipos de restrições, algo complexa, visto que estas decorrem da inter-relação de diferentes tipos de fatores, associados aos tipos de predicados, propriedades aspetuais e temporais, etc. Este tipo de contraste tem, assim, suscitado diferentes propostas. Oliveira (2003), por exemplo, sugere o recurso às noções de ‘predicados de indivíduo’, que se associam, nas construções com adjetivos, tipicamente a *ser*, e ‘predicados de estado’, tipicamente associados a *estar*. Noutro tipo de abordagens propõe-se uma oposição entre ‘subspecificação’ (*ser*) / ‘especificação’ (*estar*) aspetual (cf., a síntese e referências de Holtheuer 2012). De forma simplificada, pode dizer-se que a oposição *ser* / *estar* se caracteriza por contrastar a marcação de uma relação perspectivada como ‘inerente’, ‘permanente’ ou ‘estável’ e uma relação perspectivada como ‘não inerente’, ‘temporária’ ou ‘transitória’. Temos, portanto, uma situação em que a língua se caracteriza desde logo por gramaticalizar este tipo de oposições, associando-se a diferentes paradigmas a marcação de valores diferenciados, que noutros sistemas se associam a um único paradigma, com recurso a outro tipo de marcação dos valores em causa. Dito de outro modo, o português tem, atualmente, ‘dois verbos *ser*’, se

---

1 A construção com gerúndio é característica do português do Brasil, mas ocorre também noutras variedades europeias, estando, porém, excluída da norma do português de Portugal. Note-se também que neste tipo de construções *estar* compete em português contemporâneo com *andar* na marcação de diferentes valores aspetuais – cf. *O João está a / anda a trabalhar demais. O João está a / anda a ter más notas na escola.*

assumirmos a indiferenciação de paradigmas característica de outros sistemas, como, no domínio românico, por exemplo, *être* em francês.

Do ponto de vista formal, lembre-se também que o atual paradigma de *ser* inclui formas com origem em dois paradigmas latinos distintos, *esse* e *sedere*, assim exibindo, como outros verbos, supletivismo (cf. Juge 2000 para *ir*). Sobre a evolução destas formas, afirma Teyssier (1982: 68) que “A conjugação de *ser*, que resulta da fusão em um paradigma único dos paradigmas de dois verbos (...), está praticamente fixada na segunda metade do século XVI.”, o que apontaria, portanto, para uma mudança decisiva neste aspeto já no início do período clássico.

## 2. *Ser e estar* em diacronia

A análise de testemunhos do português antigo e médio permite inferir diferenças de usos bastante marcadas em relação à língua atual, em particular no que respeita a formas do verbo *ser*<sup>2</sup>. Um dos aspetos referidos geralmente pelos gramáticos (v., por exemplo, Nunes 1975<sup>8</sup>: 332) é que ao contraste formal decorrente da diferenciação etimológica corresponderia, em fases passadas da língua, um contraste também de valores (< *esse* “ser” / < *sedere* “estar (sentado)”).

Em diferentes tipos de fontes atestam-se, efetivamente, formas derivadas de *sedere* em contextos em que no português atual se usaria *estar*. É o que acontece logo na sequência inicial do mais antigo documento régio português:

(1) *Eno nome de Deus. Eu rei don Afonso pela gracia de deus rei de Portugal, sendo sano e saluo, temêto o dia de mia morte (...) fiz mia mada* [TAII 1214]<sup>3</sup>

Outras ocorrências de formas derivadas de *sedere*, no mesmo texto, parecem no entanto aproximar-se mais dos valores usualmente expressos em português atual por *ficar*:<sup>4</sup>

(2) *E ssi filio barõ nõ ouuermos, a maior filia que ouuermos agiao. E ssi no tẽpo de mia morte meu filio ou mia filia que deuier a reinar nõ ouuer reuora, segia en poder da raina sa madre e meu reino segia en poder da raina e de meus uassalos ata quando agiao reuora.* [TAII 1214]

2 A forma do infinitivo teria hiato em português antigo (*seer*), como outras derivadas de *sedere*, mas uso aqui a indicação *ser* para referir o paradigma verbal.

3 Vejam-se as referências das fontes dos exemplos no final das referências bibliográficas.

4 Encontrei atestações de *ficar*, com várias aceções, entre as quais ‘ficar para alguém’, isto é, ‘passar a pertencer’, em testemunhos do século XIV (v. também DVPM), mas não pude ainda explorar este aspeto da relação diacrónica entre *ser* / *estar* / *ficar*. Sobre este último verbo, v. Lehmann (2008).

Mas ainda no mesmo texto, ocorre uma forma de *estar* (aqui na forma ainda não analogicamente contaminada pela forma correspondente do paradigma de *sedere* (*sejam*)), aparentemente mais próxima também do valor moderno de *ficar*:

(3) *fiz mia mada per que depos mia morte mia molier e meus filios e meu reino e meus uassalos e todas aquelas cousas que Deus mi deu en poder sten en paz e en folgacia.* [TAII 1214]

Em qualquer caso, os exemplos acima pretendem meramente ilustrar a competição precoce entre os dois verbos, *ser* e *estar*, considerando no primeiro caso apenas as formas do supostamente diferenciado paradigma *ser* < *sedere*. Note-se que entre estas formas se incluíam não apenas, como é sabido, formas que teriam continuidade no atual paradigma de *ser* (como as dos exemplos 1 e 2), mas também outras que viriam a cair em desuso, aqui exemplificadas num uso em contexto locativo:

(4) *e que o plazo que súa en Pedroso* [DPs 1273]

## 2.1. *Ser*, *estar* e *jazer* – persistência, gramaticalização, obsolescência

Algumas ocorrências de formas de *ser* derivadas de *sedere* e de formas de *estar* parecem atestar a persistência dos valores etimológicos (lexicais) inerentes aos verbos latinos de que as mesmas derivam, *sedere* “estar sentado” e *stare* “estar em pé”, respetivamente. Veja-se um exemplo bastante claro deste tipo de funcionamento:

(5) *O juiz deve dar a sentença en publico e en logar conveniavel e nõ en logar torpe. E deve dar a sentença seendo e nõ stando nõe andando.* [TP fin. séc. XIII]

O exemplo ocorre num texto cujo género (muito genericamente ‘texto jurídico’) poderá propiciar usos mais próximos do latim e até, eventualmente, algum tipo de contaminação de formas e expressões latinas recorrentes neste tipo de registos. Ainda assim, atestações noutra tipo de fontes mostram o mesmo tipo de funcionamento, nomeadamente de formas de *ser* (< *sedere*):

(6) *Sedia la fremosa seu sirgo torcendo* (CV 321, Nunes 1981<sup>8</sup>: 284)

(7) *E ... seendo comêdo filhou dô gonçalo sa molher e trosquioua* [LLC fin. séc. XIV]

Mas este tipo de usos aparenta ser relativamente pouco frequente. Segundo Teyssier (2005<sup>2</sup>: 128-129), atestam-se nos textos de Gil Vicente já apenas algumas poucas ocorrências de formas de *ser* (< *sedere*) com este valor, que o autor caracteriza como “arcaísmo semântico” em “contexto rústico”. Por outro lado, o uso de formas de *estar*

---

## Poetics, Historical Grammar and Textual Criticism: *Augua* or *Agua* in Pero Meogo?

---

Rip Cohen  
The Johns Hopkins University

*Everybody knows*: Teophilo Braga was an incompetent editor of Galician-Portuguese lyric.<sup>1</sup> In his “critical” edition of the Vatican manuscript in 1878 (based on Ernesto Monaci’s transcription [1875a]), Braga makes countless errors. He changes what was right in the manuscript, he lets stand what was wrong, and he shows on almost every page that he cannot really read the language he is editing: he does not know the lexicon, and niceties of metrics and historical grammar are beyond his ken. Here, however, I will argue that the emendation of *augua* to *agua* in a *cantiga d’amigo* of Pero Meogo was not one of his myriad blunders, but a sound correction.

*Augua*, a Galician-Portuguese variant of *agua*, occurs in two songs of Meogo, nos. 5 and 9 (the central and final songs), appearing four times in all.<sup>2</sup> It should be noted that no derivative of Latin *aqua* (REW 570) is found elsewhere in the lexicon of the secular lyric. Here is the text of these two poems of Meogo with the correction already included:

PERO MEOGO – 5  
aaB (x6): 11’ [5’+5’]  
i-a // a-a || çda

<Levou s’ aa alva>, | levou s’ a velida,  
vai lavar cabelos | na fontana fria  
**leda dos amores, | dos amores leda.**

- 
- 1 The text and numbering of the *cantigas* of Pero Meogo, except for the proposed emendations, are taken from Cohen 2013a. The numbering and text of all other *cantigas d’amigo* are from Cohen 2003. Roman numerals refer to strophes. I am grateful to the Calouste Gulbenkian Foundation for a research grant which has enabled me to prepare an edition of Pero Meogo with introduction, notes and commentary.
  - 2 Although Braga corrects *augua* to *agua* in Meogo 9, v. 11, he does not do so in v. 8 or in (our) v. 14 of Meogo 5, where the word is not in rhyme. The strophe where *augua* appears in rhyme in Meogo 5 is missing in V, which was Braga’s only source. Once we emend twice for rhyme, we should emend also when the word is not in rhyme, since each half of the formula should be identical whether the word is in rhyme or not.

<Levou s' aa alva>, | levou s' a louçana,  
vai lavar cabelos | na fria fontana 5  
**leda dos amores, | dos <amores leda>.**

Vai lavar cabelos | na fontana fria,  
passa seu amigo, | que lhi ben queria  
**leda dos <amores, | dos amores leda>.**

Vai lavar cabelos | na fria fontana, 10  
passa seu amigo, | que <a> muit' a<ma>va  
**leda dos a<mores, | dos amores leda>.**

Passa seu amigo, | que lhi ben queria,  
o cervo do monte | a agua volvia  
**leda dos a<mores, dos amores leda>.** 15

Passa seu amigo | que a muit' amava,  
o cervo do monte | volvia <a> agua  
**leda <dos amores, | dos amores leda>.**

*B* 1188 ff. 252v-253r *V* 793 ff. 124v-125r

**1, 4** <Levou s' aa alva> *supplevi* (*ex Dinis 17*, v. 2 levantou s' <aa> alva)

**1** <Levou-s' a louçana> *Nunes* <Leda dos amores> *Bell* uelida  
*B* : uenda *V*

**4** <Levou-s' a velida> *Nunes* <Dos amores leda> *Bell*

**8** passa *Nunes* (*probante Cunha*) : passou *BV*

**10-12** copied at the end of the text in *BV*

**11** <a> *Nunes* muit' a<ma>va *Monaci* (*cf. v. 16*) : q' muytaua *B* :  
q' muytau9 *V*

**14, 17** agua *correx*i : agua *BV*

**15** dos a] d9 a *V* : do a *B*

**16-18** *om. V*

**16** amana *B*

**17** volvia] noluya *B* <a> *cf. v. 14*

PERO MEOGO – 9

aaB (x6) 10' [4'+5'] || 5

i-a // a-a (I-IV); i-o // a-o (V-VI) || ei

– Digades, filha, | mha filha velida,  
por que tardastes | na fontana fria?  
– (Os amores ei.)

– Digades, filha, | mha filha louçana,  
por que tardastes | na fria fontana? 5  
– (Os amores ei.)

Tardei, mha madre, | na fontana fria,  
cervos do monte | a agua volv<i>an.  
(Os amores ei.)

Tardei, mha madre, | na fria fontana, 10  
cervos do monte | volv<i>an a agua.  
(Os amores ei.)

– Mentir, mha filha, | mentir por amigo,  
nunca vi cervo | que volvesse\_o rio.  
– (Os amores ei.) 15

– Mentir, mha filha, | mentir por amado,  
nunca vi cervo | que volvesse' o alto.  
– (Os amores ei.)

*B* 1192 f. 253v *V* 797 f. 125r-v

**1** uelida *B* : ne naa *V*

**8** do monte a augua do mōte *BV* : corr. *Varnhagen*

**8, 11** agua *correxī* (*iam Braga in v. 11*) : augua *BV* volv<i>am  
*Varnhagen* : uoluã *BV*

**9** amores *ey V* : om. *B*

*Augua* occurs in essentially the same phrase in both texts, except that in 5 the verb is singular (*volvia*), while in 9 it is plural (*volvian*). Hence, in 5.V-VI we find *volvia* <*a*> *augua* / *a augua volvia*. These are variants of an invertible formula, so constructed that it occupies the second colon of the verse, and so either part can stand at verse-end in a system of alternating rhymes in *i-a* // *a-a*.<sup>3</sup> *Augua* should rhyme

3 The shift in Meogo 9 from *i-a* // *a-a* (I-IV) to *i-o* / *a-o* (V-VI) is extremely unusual, but see Pedr'Eanes Solaz 2 (*i-a* // *a-a* [I-IV]; *i-o* / *a-o* [V-VI]; in VII-VIII all verses outside the refrain end with *leli*) and Cohen 2011: 117-119.